

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
24 DE NOVEMBRO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 48 DE DATA 17 DE NOVEMBRO DE 2014.

Acordouse aprobar a acta núm. 48/2014 correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 17 de novembro de 2014 e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras para execución de obras menores para colocación de tella sobre as chapas de fibrocemento existentes en Midón, 4, Barcia, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal con



Secretaría Xeral

data 21/11/14, en concepto de ICIO por importe de 72 euros.

2.2.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras para execución de obras consistentes en construción dun peche provisional de parcela en Medelo, 13, A Xesta, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal en concepto de ICIO con data 27/11/14 por importe de 4,80 euros.

2.3.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras consistentes na realización dunha canalización de auga en Cangas, nº 27, Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 21/11/14 por importe de 9 euros en concepto de ICIO.

3.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de actividades para o exercicio da actividade consistente en despacho profesional para prestar servizos de Enxeñeira Técnica Agrícola na rúa Habana, 23, escaleira dereita, 4ºA, de Lalín.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse nomear Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde no expediente de contratación denominado “MELLORA DA REDE VIARIA NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA: VILATUXE E LOSÓN”.

4.2.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra “Rehabilitación da Antiga Casa do Concello de Lalín”, (CO042014) redactado pola empresa **Construcciones Taboada y Ramos S.L.**

4.3.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado ACTUACIONES NECESARIAS PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN “CT NÚM.3 LALÍN DE ARRIBA” (CO092014), mediante procedemento negociado, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 97.495,44€ máis a partida de 20.474,04 € correspondente ao IVE e un prazo de execución de 3 meses.

4.4.- Acordouse adxudicarlle a obra denominada “ABASTECIMIENTO A PUXALLOS E MELLORA DA REDE VIARIA EN MADRIÑÁN, SANTISO” PUSIM/2014 (CO082014), á empresa **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO**, por un importe de 103.400,00€ máis a partida de 1.714,00 €



Secretaría Xeral

correspondente ao IVE e melloras por importe total de 3.359,00 €, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

4.5.- Acordouse conceder unha prórroga (ata o 18 de decembro de 2014) á empresa **Antonio Framiñán Construcciones S.L** para o remate das **“Obras de reparacións varias no Edificio Multiusos Lalín Arena”** debido ás inclemencias meteorolóxicas durante a execución dos traballos.

4.6.- Acordouse adxudicarlle a obra denominada **“AGLOMERADO EN RÚA F, PINTOR LAXEIRO E RÚA MOLINERA” PUSIM/2014 (CO072014)**, á empresa **CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.** , por un importe de 144.121,35 €, máis a partida de 30.265,48 € correspondente ao IVE e melloras por un importe de 3.148,99 €, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

5.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

5.1.- Acordouse **aprobar a certificación de obra núm. 3 e última** correspondente ao mes de novembro de 2014, da obra **“MELLORAS EN SISTEMAS DE DEPURACIÓN EN ZONA RURAL E ACONDICIONAMENTO RIO PONTIÑAS” (CO032014)**, presentada pola entidade Construcciones RAFAER, S.L, redactada polo Director da Obra, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 18.599,24 €. Así mesmo aprobouse a acta de recepción.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse declarar de abono facturas por importe total de **71.923,13 €**.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse o alleamento directo do camión Pegaso con matrícula 7858-BHG a favor da empresa José Luís Lorenzo Penido, polo importe de 1.000 € (exento de IVE) con destino ó desguace do mesmo, encargando á citada empresa a tramitación da baixa no Rexistro da Dirección Xeneral de Tráfico, e tramitar a baixa do citado vehículo no Inventario de Bens e Servizos do Concello de Lalín.



7.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.145 € (IVE incluído), con destino ó servizo consistente na impartición da acción formativa Cursos de formación obrigatoria no manexo de Desfibriladores e Curso de Reciclaxe no manexo de Desfibriladores, e contratar con coa empresa C.M. AS PÍAS, S.L. a realización do servizo con suxeición ó réxime dos **contratos menores de servizos**.

7.3.- Acordouse **aprobar a liquidación** presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de Outubro do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 26.530,25 € .


7.4.- Acordouse aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, prestado durante o mes de Outubro do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 5.015,24 €.

7.5.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 4.158,77 € (IVE incluído), con destino ó contrato mixto de subministración, instalación e configuración e prestación de servizos de implantación da aplicación informática “Factura electrónica-EFACTURA e contratar coa empresa ABS INFORMÁTICA, S.L., o subministro e implantación da aplicación informática citada con suxeición ó réxime dos contratos menores de subministros.

7.6.- Acordouse aprobar unha liquidación da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, ansillas, estadas e outras instalacións análogas.

7.7.- Acordouse acollerse ao *PLAN MARCO: programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 financiado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) no marco do PDR DE Galicia 2007-2013*, e á Resolución do 20 de novembro de 2014, pola que se aproba o mesmo, da Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia, e *solicitar* a inclusión no mesmo e as subvencións correspondentes para o seu financiamento total, da obra de *Melloras de camiños en Lalín*, aprobar a documentación que forma parte do expediente e designar como representante do Concello de Lalín (Pontevedra) no dito expediente a *D. Antonio Rodríguez Rodríguez*, facultándoo tan amplamente como sexa necesario para levar a bo fin o mesmo.





Lalínmcero

Secretaría Xeral





Concello de Lalín

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Autorizar ao solicitante para consultar no arquivo municipal as carpetas 1089/9 e 129/2 dos anos 1967-1971, referente o proxecto de apertura de rúas do Concello no casco urban na zona de Agro de Alá.

=====





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O